

## INCLUSIÓN SOCIAL

# Un plan de atención para o pobo xitano en Galicia

**A iniciativa está dirixida aos concellos galegos onde hai presenza deste colectivo**

Representantes da Secretaría xeral de Benestar, dos concellos galegos onde hai asentamentos xitanos, e de asociacións e federacións que agrupan a este colectivo participaron na elaboración do Plan Integral para a Convivencia e o Desenvolvemento Social do Pobo Xitano de Galicia.

REDACCIÓN > A CORUÑA

Este plan contempla o desenvolvemento de actuacións transversais no eido dos servizos sociais, vivenda, cultura, educación, emprego e saúde e ten como principios fundamentais buscar a normalización e integración social deste colectivo, o enfoque intercultural e a súa implicación no proceso de cambio, segundo manifestou a secretaria xeral do Benestar, María Xesús Lago.

O obxectivo é a normalización das condicións de vida das xitanas e xitanos de Galicia, mellorando a súa incorporación efectiva aos servizos da sociedade de benestar, os seus estándares de vida e desenvolvendo a súa propia identidade cultural.

Así, a través deste plan quere acadar un maioritario acce-

so da poboación xitana aos servizos normalizados, como son a vivenda, a educación, o emprego ou a sanidade. Tamén persegue transmitir á sociedade unha imaxe social máis obxectiva e positiva da poboación xitana, promover a igualdade e o desenvolvemento da muller xitana e garantir os dereitos fundamentais das persoas xitanas ao seu acceso aos bens e servizos en condicións de igualdade de oportunidades.

A Secretaría Xeral de Benestar quere incluír o Plan Xitano dentro do Plan de Inclusión 2007-2013.

**Poboación xitana** > Segundo os últimos datos dispoñibles, do ano 2000, en Galicia residían 8.417 persoas xitanas, distribuídas en 46 concellos galegos, o que representa un 1,68% do total dos residentes en España. Por provincias,



O plan pretende a incorporación efectiva de comunidade xitana aos servizos da sociedade de benestar

### OBXETIVO

O obxectivo consiste na normalización das condicións de vida dos xitanos e xitanas de Galicia

### PLAN DE INCLUSIÓN

A Secretaría Xeral de Benestar quere engadir o Plan Xitano ao Plan de Inclusión, 2007-2013

### IMAXE SOCIAL

O plan persegue tamén transmitir unha imaxe social máis obxectiva e positiva do colectivo

A Coruña é a que aglutina á maior parte deles, un 46,4%, en catro grandes núcleos de poboación. A Coruña, Ferrol, Santiago e Ribeira,

séguelle Pontevedra cun 31,3%, nos asentamentos de Vigo, Poio e Vilagarcía, Ourense cun 11,6%, distribuídos por 13 concellos distintos e Lugo cun 10,8%, asentados na capital e en Viveiro.

En canto á estrutura da poboación, no 2000, preto do 35% da mesma estaba composta por menores de 16 anos, mentres que a proporción de maiores de 65 anos, non chegaba ao 2%. Estes datos poñen de manifesto que se trata dun colectivo nova, cunha alta taxa de natalidade.

### Convenio de colaboración

Por outra banda, a Vicepresidencia da Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais asinaron un convenio de colaboración para a realización de proxectos de intervención social integral para a atención, prevención da marxina- ción e inserción do pobo xitano. O investimento global do acordo é de 380.071 euros, dos que o Ministerio poñerá 213.488, a Vicepresidencia 166.583 e as corporacións locais beneficiarias 16.658 euros.

A través do convenio asinado por a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo executarán con-

xuntamente o Plan de Desenvolvemento Xitano para este ano 2006, mediante distintos proxectos de intervención social integral para a inserción do pobo xitano. A Vicepresidencia atenderá de xeito prioritario a continuidade dos proxectos xa financiados en exercicios anteriores, tendo en conta o índice estimado de poboación xitana residente. En calquera caso, todos os proxectos serán promovidos e supervisados polos concellos onde se desenvolvan.

As iniciativas postas en marcha no Plan de Desenvolvemento Xitano inclúen actuacións en cinco concellos da provincia da Coruña, máis concretamente nos municipios da Coruña, Culleredo, Narón, Ribeira e Santiago de Compostela. Na provincia de Lugo finánciense proxectos en Lugo, Quiroga e Viveiro. En Ourense desenvólvense iniciativas e programas de desenvolvemento xitano en Ourense, O Carballiño, Maceda, Verín, Xinzo de Limia e na Mancomunidade de concellos do Carballiño. Por último, na provincia de Pontevedra execútanse actuacións en Marín, Porriño e Poio.



A Coruña é a provincia galega con máis poboación xitana